



A SAÚDE MENTAL É UNHA DAS PRINCIPAIS LIÑAS ESTRATÉXICAS NA ATENCIÓN Á PANDEMIA DA COVID-19

- ***O Sergas conmemora o Día Mundial da Saúde Mental con dous eventos que visibilizan as principais liñas de atención e de investigación que se están desenvolvendo neste ámbito***
- ***Vaise celebrar unha xornada dirixida especificamente a pacientes e os seus familiares, para que dispoñan de información directa por parte dos profesionais***
- ***Tamén a próxima semana terá lugar no Álvaro Cunqueiro o XXII Curso de Investigación en Psiquiatría para especialistas organizado pola Asociación Galega de Psiquiatría***

Vigo, 9 de outubro e 2020. O Servizo Galego de Saúde súmase ao Día Mundial da Saúde Mental que se celebra mañá, coa organización de dous eventos dirixidos a visibilizar tanto as accións estratéxicas de atención durante a pandemia da Covid-19 como as liñas de investigación que se están desenvolvendo en relación co coronavirus.

Un deses actos vai dirixido especificamente ás Asociacións de Saúde Mental, pacientes e familiares. Trátase dunha xornada virtual para ofrecerlles información directa por parte dos profesionais, e darlles a posibilidade de que expoñan e resolvan as súas dúbidas. Será o próximo día 14 e terá as súas sedes nos servizos centrais do SERGAS, no Hospital Álvaro Cunqueiro e no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, inaugurará este encontro no que tamén participarán os xerentes das Áreas Sanitarias de Vigo, Javier Puente, e o de Ourense, Félix Rubial.

“Trátase dunha iniciativa enmarcada na estratexia de humanización da saúde mental, e ante o alto impacto e boa acollida que tiveron as anteriores xuntanzas en Vigo e Ourense, decidimos volver a repetir este encontro, de gran interese entre estes colectivos. É fundamental que, sobre todo nesta época, os pacientes dispoñan dunha información directa por parte dos seus profesionais, proporcionarlles un espazo de encontro para que se sintan coidados e protexidos, e que lles aporte seguridade fronte aos medos e incertezas que está xerando esta pandemia”, explica o xefe do servizo de Saúde Mental do CHUVI, o doutor José Manuel Olivares, que tamén dirixe o equipo de investigación de Neurociencia Traslacional, “Cibersam”.



Os relatorios correrán a cargo da xefa do servizo de Saúde Mental do SERGAS, María Tajés, que falará das accións do Plan estratéxico de saúde mental; o doutor Olivares explicará as liñas de investigación relacionadas co Covid19; e o xefe de servizo de





Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Ourense, Luis Docasar, ofrecerá unha conferencia sobre o xeito no que se tiveron que adaptar os recursos asistenciais como consecuencia da pandemia.

Curso para especialistas

O outro evento que se vai celebrar o próximo día 16 será o *XXII Curso de Investigación en Psiquiatría*, organizado pola Asociación Galega de Psiquiatría, cun formato híbrido online-presencial (ata completar aforo con medidas de seguridade Covid no hospital Álvaro Cunqueiro). En total, participarán máis de 100 expertos de todo o territorio nacional relacionados coa saúde mental, entre psiquiatras, psicólogos, biólogos, neurólogos e profesionais de enfermaría.

Este ano o tema será a *Investigación en Psiquiatría en tempos de Pandemia*, e se abordarán cuestións como as relacións entre infeccións, sistema inmune, sistema nervioso e síntomas psiquiátricos; os datos de síntomas psiquiátricos que provoca o virus (tema do que aínda que se fala pouco hai xa un bo número de publicacións); e consecuentemente, das causas de que algúns fármacos empregados en psiquiatría (e máis concretamente o litio) poidan ser útiles no tratamento da COVID19, precisamente por todas esas relacións entre infeccións, inmunidade e patoloxía psiquiátrica.

Para isto contarán coa participación dun destacado experto internacional como Germán Berrios, catedrático de Epistemoloxía da Universidade de Cambrigde (Reino Unido) que ofrecerá a conferencia maxistral baixo o título “El concepto de Conciencia en Psiquiatría”; ademais, intervirán tamén o propio Olivares, a psiquiatra do Chuvi Marta López, e o investigador do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur, Carlos Spuch.

7000 consultas máis

“Durante a primeira onda da pandemia constatouse que a saúde mental foi unha das áreas de maior sensibilidade, polo que na Área Sanitaria de Vigo puxemos en marcha varios protocolos para reforzar e axilizar a atención tanto para pacientes e familiares como para o persoal dos centros sanitarios”, explica Olivares

As actuacións descritas nestas guías tiñan por obxecto facilitar e achegar dun xeito rápido e eficaz a atención dos especialistas en saúde mental a estes grupos.

Estes protocolos -aínda operativos- establecen canles directas de comunicación para os profesionais de Atención primaria e hospitalaria a fin de que poidan realizar interconsultas ou consultas rápidas mediante conexión telefónica ou correo electrónico. Habilitáronse teléfonos internos específicos e un novo buzón de correo electrónico para esta finalidade. Para atender estas vías de comunicación designáronse dous equipos de psiquiatras e psicólogos clínicos de referencia, que se encargan de coordinar e canalizar as demandas de atención e axilizar a toma de decisións.



“Así, este ano entre consultas presenciais e telefónicas levamos realizadas 46.800 consultas, 7.000 máis que no ano anterior, e unha porcentaxe moi elevada están relacionadas con problemas e cadros vinculados ao confinamento”.

